

Cómpre asexar detrás do cristal

Héitor Picallo



O VIDRO SEGUE AÍ, ESTALADO, COLOREÁNDOSE CO tempo que o fai envellecer. Verdes e torrados forman a súa pátina ao igual que todas e cada unha das fisuras que rabuñaron o sílice. Porque as marcas transparentes non cicatrizaron, quizais a voz de mamá Dolores que nos ouve dende a cociña non deixa que iso aconteza: cómpre conservar a memoria aínda que sexa en silencio. Pasaron case oitenta anos dende que o vidro fendeu entre os choros e o medo da xente por mor dun impacto de bala.

A el, a Elisardo Taibo Martínez, tiñano por vagabundo e badanas, «deses que andan escapados» intentando rapinar algo para levar á boca. Dende a simplicidade das

reflexións, ser ladrón é aquel que roubaba, aínda que for por necesidade ou para conseguir un anaco de carne de porco para a casa. El, que é de Guldrigáns (Cuntis) seica dorme enriba dun carballo e polo día anda nunha bicicleta Orbea. Malia que o reclaman nos xulgados militares de Palma de Mallorca –disque por «ofensa de palabra a fuerza armada»– antes xa fora autor de varios furtos. Nunha das causas, concretamente a de 1933, defendeuno Xohán Xesús González, ese recoñecido avogado fundador da USG (organización que conxugaba o marxismo co nacionalismo galeguista).

Contan os da miña casa, os do Carrapucho, que un día algo fixera «O Taibo» polos arredores da Anllada. De aí que certas persoas alertasen á benemérita e esta, seguindo nun vehículo particular, chega ao fogar dos meus bisavós: unha taberna que tamén dispuña de casa de xantar e tenda de ultramarinos. Dende o interior do coche e sen lle tremelicar o pulso, un membro da Garda Civil apunta ao home, pronto cadáver. Tres ou catro balas saen dunha das armas, dúas entran na casa e a que fende o cristal tamén rabuña o teito de madeira. O Taibo falece cun tiro nas costas, porque «así facían xustiza os valentes daquel tempo»: sen preguntar, ciscando corpos nas cunetas. Os restos do finado deposítanse no cemiterio municipal, sen lousa e só unha cruz espetada na terra sinala que alí xace alguén, disque delincuente, disque ladrón, disque un home de trinta e poucos...

A miña bisavoa, Dolores Buján Rajoy, nunca quixo que se reparase aquel vidro. Tiña que servir de recordo,

de testemuño silencioso dunha vida que quedou ao pé da porta. Porque ela ben sabía da dor, e Manuel Fuentes Vázquez, o seu marido, seguramente tamén. El, republicano, non fora durmir poucas veces á Fonte Piñeira, ás canas do Río, ao monte... xa que había quen o buscaba para lle axustar «as carabuñas». E aínda que non lle pasou ren, ela sufriu as consecuencias por partida dobre.

O calendario indica que é 13 de xullo de 1938. Alguén bate na porta coma posuído polo diaño na procura do Manuel... Acontecera noutras ocasións. El non está. Conseguen introducirse no fogar e a muller –disque «unha santa» para moitas persoas pobres– comeza a recibir unha malleira desproporcionada, córtanlle o «periquete», méxanlle no viño, císcanlle as cousas polo chan e déixana alí estarricada, sen folgos, co sangue nos beizos e co corpo desencaixado: «estaba preñada e tiña medo de perder a crianza». Pero non foi así, ao día seguinte –e aínda co susto no corpo– adiantóuselle o parto: rompeu augas e trouxo ao mundo unha meniña, tamén chamada Dolores, coma ela. Disto pouco se falou no fogar, aínda que a veciñanza sabíao, como tamén algún dos seus fillos. A humillación cumpría calala, non fora ser que volvesen e quedase morta, ou eivada ou liquidasen ao Manuel. E chegou o silencio, malia que ao Carrapucho sempre ían persoas a pedir auxilio, a que lle desen alimento durante aqueles anos da pólvora e da besta... Porque nesa casa non houbo miseria e unha cunca de caldo, un anaco de touciño ou cunca de branco sempre se lle entregaba a quen o precisar.

Tempo máis tarde até alí chegan outras persoas que, aínda que non fuxidas, buscan un lugar de «confianza» onde tratar temas un tanto «sensíbeis». E falo concretamente de grupos clandestinos que xa polos anos sesenta loitan contra a ditadura, o caudillo e aqueles que matan polas costas ou dan malleiras dende os altares da barbarie. Membros do PC reúnen-se na adega da casa ou no pequeno comedor, falan do seu e intercambian documentos. Logo virían persoas da UPG co mesmo propósito, e a Mamá Dolores nunca lles estorbaron nin tampouco tivo temor deles, quizais xa lle vira as fauces ao demo e sabía no medio de quen podía respirar tranquila. O vidro da porta é testemuña do acontecido, do que alí se dixo e tamén de todo o que se calou.

